



Máis de cen educadores ambientais galegos expoñen as súas experiencias no CEIDA

Reuniranse mañá, durante todo o día, no Castelo de Santa Cruz, en Oleiros

Oleiros, 29 de febreiro de 2008.- Mañá, sábado 1 de marzo, terá lugar no Castelo de Santa Cruz (Oleiros), sede do CEIDA – Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia – o **II Foro Galego de Educadoras e Educadores Ambientais**. O encontro está organizado polo CEIDA e a SGEA – Sociedade Galega de Educación Ambiental -, coa colaboración da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia.

Este foro servirá de punto de encontro para os profesionais do sector que están a traballar en Galicia en distintos proxectos da educación ambiental. Exporanse experiencias en áreas relacionadas co medio mariño, o deseño de roteiros interpretativos, cos centros educativos, conservación e cooperación internacional, voluntariado e profesionalización, e tamén outros temas como a introdución dos produtos ecolóxicos nos comedores escolares.

Durante o encontro discutirásese sobre os problemas que ten na actualidade o sector, cales son as propostas para o futuro e valorarase a creación dunha base de datos galega de profesionais buscando a forma máis eficiente do seu funcionamento.

O CEIDA, froito dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia, a Universidade da Coruña e o Concello de Oleiros, é o centro de referencia para a educación ambiental en Galicia; promove a educación ambiental en todos os sectores sociais e o intercambio científico e cultural; traballa na procura de solucións aos problemas ambientais e fomenta as boas prácticas cidadás neste eido.